

RETOS DA CONVIVENCIA ESCOLAR NA ERA DE INTERNET

RESUMO DAS CONFERENCIAS E OBRADORIOS

CONFERENCIA INAUGURAL

O gran reto do acoso escolar. En busca do centro pacífico.

D. Javier Pérez Aznar. Psicólogo experto en acoso escolar e presidente da Asociación NACE Non ao Acoso Escolar

RESUMO

O acoso escolar é sen dúbida un dos retos máis importantes da educación do século XXI. Os datos alertanos do seu crecemento curso tras curso. Hai que dar unha resposta e lanzarnos á aventura de encontrar o *Centro Pacífico*. Adentrarémonos na “jungla” da convivencia (intervención social e pedagóxica) e abriremos novos camiños (prevención e estratexias anti bullying) para conseguilo, todo dende a nosa posición de comunidade educativa e dende o noso rol de docente.

Obradoiro 1. Cinco sentidos e un máis. Como previr e actuar fronte ao acoso?

Dna. Carmen Cabestany. Profesora e secretaria da Asociación NACE Non ao Acoso Escolar

RESUMO

Traemos dúas boas novas: o acoso pódese SOLUCIONAR! e o acoso pódese EVITAR! Dende a vivencia e a realidade do bullying, recorreremos o papel dos sentidos á hora de intervir e de previr no mesmo. Ver, escoitar, apoiar, sentir... Estratexias sinxelas e eficaces para detectar (as 4 C) e actuar (as 3 A). Cinco sentidos... e un máis.

Obradoiro 2. Proba a poñerte nos meus zapatos. Beneficios e riscos da Rede baixo a mirada adolescente

Dna. Patricia Gómez Salgado, doutora en psicoloxía, investigadora da Universidade de Santiago e experta en adolescentes e TICs

RESUMO

Que hai na cabeza dunha/dun adolescente? Por que toman certos riscos online? Que é capaz realmente de proporcionarlles a Rede? ...ata o punto de afirmar que se senten incompletos sen Internet e as redes sociais? Esta sesión pretende trazar un mapa co que poder achegarnos ao sentir dos adolescentes e comprender moitos dos seus comportamentos e actitudes. Educar nos tempos de hoxe implica non só ser quen de entender o contexto actual do uso masivo e globalizado da Internet e as TIC, senón tamén estar dispostos a camiñar un bo treito nos zapatos dos nosos/as adolescentes.

Obradoiro 3. Como axudamos día a día as Forzas e Corpos de Seguridade?

D. Santiago Reboyras. Inspector do Corpo Nacional de Policía, Xefe de Grupo de Delincuencia Económica e Tecnolóxica da UDEF.

D. José Torres. Responsable do Equipo de Investigación Tecnolóxica da Garda Civil na provincia de Pontevedra

RESUMO

A globalización e o uso masivo de Internet e as TICs trouxeron moitos beneficios que están fóra de toda dúbida. Pero lamentablemente cada día despertámonos con casos de distribución de pornografía infantil, cyberbullying, grooming o sexting que confiren á Rede unha dimensión máis seria do que podería pensarse. Lonxe de criminalizar o demonizar o seu uso, é importante e, sobre todo de “responsabilidade”, ser conscientes tamén dos riscos ou perigos que implica, especialmente cando se trata de colectivos tan vulnerables como son os menores. É unha responsabilidade compartida. Debemos traballar xuntos e en equipo. Dentro desa labor de equipo as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, como a Policía Nacional ou a Garda Civil, poden e deben desempeñar unha valiosa labor de axuda. En qué consiste esa labor? Qué facemos día a día?

Obradoiro 4. A cibermentoría, un servizo de apoio entre iguais para a xestión positiva da convivencia escolar. Javier García Barreiro.

RESUMO

Enmarcada nas estratexias de convivencia positiva e dos servizos de axuda entre iguais, no obradoiro falarase da experiencia, do modelo e das claves da implantación dun equipo de cibermentoría. A cibermentoría é un sistema de apoio no que o alumnado de idades superiores, formado e preparado para este fin, atende ao alumnado máis pequeno na xestión das súas relacións interpersoais nas redes sociais e Internet, e sobre problemas que podan xurdir nelas. As e os mozos cibermentores imparten clases sobre usos positivos e riscos de Internet aos máis pequenos, deseñan materiais de concienciación e proporcionan apoio emocional ou acompañamento ao alumnado vítima de malas experiencias na Rede.

Obradoiro 5. Cara a unha prevención familiar integral. En que estamos a fallar?. Manuel Isorna Folgar.

RESUMO

Tanto os pais e nais como os docentes temos unha importante tarefa na educación dos nosos fillos durante toda a vida e a prevención forma parte deste gran labor educativo. Ao longo da vida os fillos van medrando, vanse desenvolvendo e enfrontando a diferentes situacións. Algunhas destas situacións e algunhas das características propias da adolescencia levan consigo riscos que é preciso coñecer para actuar fronte a eles. Isto é o que se coñece como "prevención", adiantarnos a posibles riscos que poidan existir. Por esta razón, ímonos achegar a algunhas das principais condutas de risco de hoxe (*on line* e *off line*), tales como consumo de drogas, condutas violentas, comportamentos sexuais de risco, *sexting* e contacto con descoñecidos na Rede, etc. e, sobre todo, qué facer dende a familia e cómo previlas dende unha perspectiva global.

Obradoiro 6. Leis, normas e protocolos Onde empeza e onde acaba a responsabilidade de cada un?.

D. Daniel Neira Barral. Avogado, investigador e experto en menores e Tics. Ex-asesor do Valedor do Pobo de Galicia.

RESUMO

Cada vez con máis frecuencia os menores teñen acceso a dispositivos electrónicos e telemáticos a idades máis tempranas e con elo ao acceso a través das redes sociais e de internet a un mundo aberto cheo de relacións e información; tamén a perigos e riscos. Coñecemos realmente cal é a normativa legal nesta materia? somos conscientes das distintas responsabilidades que se poden derivar cando un menor opera en internet? a qué idade poden os menores acceder ás redes sociais? O obxectivo do obradoiro é acercarse á realidade xurídica en xeral e o marco normativo galego en particular para coñecer non so normas, regulamentos ou protocolos, senón tamén claves xurídicas e a posible derivación de responsabilidades.

CONFERENCIA DE CLAUSURA

Menores, TICs e Internet . Quen lle pon o cascabel ao gato?

D. Antonio Rial Boubeta. Doutor en Psicoloxía e profesor da Universidade de Santiago de Compostela.

RESUMO

Nos últimos anos vense observando unha crecente preocupación polo uso de Internet, as redes sociais e as Novas Tecnoloxías entre os mais novos. O cyberbullying, o sexting, a sextorsión, o grooming ou mesmo o perigoso aumento do *xogo on line* e as apostas na Rede están a suscitar unha verdadeira alarma social. Tampouco debemos esquecer que un uso abusivo pode asociarse a un maior sedentarismo, aparición de trastornos da alimentación e do sono, illamento social, fracaso escolar e un aumento da violencia en xeral, e dos conflitos familiares ou escolares. O chamado fenómeno da globalización fai que sexa imposible circunscribir o problema a casos ou perfíles concretos, tratándose dun fenómeno xeralizado, que vai en aumento e que só se pode afrontar desde unha Educación con maiúsculas, coa implicación firme de nais, pais, educadores e institucións. A responsabilidade é compartida, claro está, pero ... por onde empezamos? quen lle pon o cascabel ao gato?